


MEMORIA PROGRAMA INTEGRAL “A Punto- Teis”



PLAN COMUNITARIO DE TEIS 2014

DATOS RELATIVOS A ACTUACIÓN

- **DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:** Plan Comunitario de Teis.
- 1. **DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN CON INDICACIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE A ACTUACIÓN:** Programa Integral de iniciativa Comunitaria "A punto Teis'14".
- 2. **ORDE DA SUBVENCIÓN:** Orde de 25 de abril de 2014 para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social (DOG nº 82, do 30 de abril de 2014)

XUSTIFICACIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA

Dadas as características poboacionais do barrio e a súa situación socioeconómica, algúns sectores da mesma- entre os que destacan os mozos e mozas de entre 16 a 26 anos- precisan abordar a súa vulnerabilidade mediante un programa de intervención integral a nivel comunitario que permita:

1. Previr e/ou minimizar o risco de exclusión social destes sectores poboacionais.
2. Facilitar o seu acceso normalizado ao mercado de traballo mediante a capacitación de competencias, aptitudes e habilidades sociais básicas.
3. Potenciar e fortalecer a rede social e comunitaria establecendo canles relacionais de apoio e seguimento continuado.

Con este Programa preténdese habilitar un punto de referencia para a xente nova que funcione coma un servizo complementario de apoio, asesoramento e acompañamento. Consta de varias partes: unha encamiñada cara o desenvolvemento de condutas sociais normalizadas, outra cara evitar a exclusión social do acceso normalizado aos recursos (información, asesoramento, acompañamento) e a última cara a inserción no mercado laboral. Para esta última parte adestrarase aos alumnos e alumnas na adquisición de habilidades e aptitudes básicas entendendo estas como capacidades ou disposicións laborais mínimas e formación prelaboral (orientación laboral, busca activa de emprego...).

O programa pretende ser unha actuación integral de carácter transversal (Tipoloxía dos apartados B.1 e B.2 da orde), unindo as intervencións complementarias dos servizos sociais comunitarios nun proxecto de inclusión social; asentando estas intervencións nas propias forzas e recursos da

comunidade, mellorando a súa organización, coordinándoos, optimizándoos e mobilizándoos, na medida do posible, na busca de alternativas viables de

traballo, fomentando en moi diversos eidos a implicación das persoas na rede (a través da coordinación e cooperación cos servizos sociais e outras entidades ou axentes sociais participantes) e facilitando- con titorización e seguimento e itinerarios- a incorporación social das persoas en situación de desvantaxe e /ou exclusión reducindo a súa vulnerabilidade.

OBXECTIVOS

○ **Obxectivos xerais.**

- Dotar, aos e ás mozas en situación ou risco de exclusión, de competencias e contidos básicos que permitan o desenvolvemento das súas capacidades persoais e sociais como paso previo para un acceso normalizado ao mercado laboral.
- Realizar seguimento e titorización de mozos/as do barrio en situación ou risco de exclusión social.
- Implicar á comunidade no proceso de incorporación social e laboral dos mozos e mozas en situación de risco ou exclusión social.

○ **Obxectivos específicos**

- Fortalecer as redes sociais como instrumento de apoio socio-laboral.
- Utilizar a comunidade como recurso na busca activa de emprego.
- Crear un espazo comunitario de referencia.
- Promover a coordinación dos servizos e profesionais do barrio implicados no programa.
- Realizar un seguimento e titorización personalizada dos destinatarios/as contando cos/as profesionais e servizos do barrio.

METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

A metodoloxía será a propia das iniciativas comunitarias: participativa, activa e flexible en todo o proceso, de tal xeito que a coordinación e cooperación entre todas/os as/os axentes implicadas/os se convirte no método de traballo propiamente dito, habilitando canles de comunicación directa entre as persoas, cubrindo os ocos aos que a administración non chega e apostando pola calidade da intervención. Isto permitirá un itinerario personalizado de aprendizaxe adaptado ás necesidades da poboación destinataria, utilizando, cando sexa necesario as TICS como ferramenta de traballo e recurso metodolóxico.

- **RECURSOS PROPIOS, TANTO HUMANOS COMO MATERIAIS EMPREGADOS.**

- **Recursos humanos:**

- Unha coordinadora (Traballadora Social) responsable da Coordinación xeral e da integralidade do programa. Encargada da programación, organización e coordinación inicial con institucións, entidades e empresas colaboradoras do programa así como da selección de persoal. A coordinación, avaliación e seguimento dos diferentes módulos e a súa organización integral.
- Unha titora/formadora no período do curso teórico, seguimento das prácticas e responsable do programa. (Integradora Social).

- **Perfís profesionais do persoal colaborador**

- Un pedagogo con funcións de asesoramento.
- Orientador laboral do INEM
- Outros/as profesionais do barrio.

- **Recursos materiais:**

- **Propios**

- Ordenadores, teléfono, Fax.
- Material de oficina.
- Material específico en cada módulo

- **Recursos cedidos e cooperación con outras entidades.**

- **Cedidos**

- Local do Plan Comunitario.
- Aula de informática do Centro Municipal de Rios.

- **Cooperación con outras entidades:**

Para a fase de coordinación inicial, derivacións, priorizacións de participantes e para a fase de seguimento, estableceuse unha forte liña de cooperación con seguintes servizos e entidades.

- Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Teis.
- Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Travesía.
- Oficina de emprego. Servizo Público de Emprego de Galiza en Teis.

- Centros de ensino do barrio: IES a Guía a Colexio Posumus.
- Centro de menores Alborada.
- Equipo de intervención familiar do Concello de Vigo.

Para a fase de Prácticas en empresas, adquiriron o compromiso de firma do convenio correspondente as seguintes empresas

- Carrefour S.L
- Cash Record Vegalsa
- Perfumería Chévere
- Copi Teis
- Centro de Día Atalaia.
- Limpezas Limservi

ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS

- **Fases de actuación.**

A.- COORDINACIÓN TÉCNICA PARA OS ITINERARIOS DE INNSERCIÓN:

- *Xuntanzas organizativas:*
 1. Servizos Sociais comunitarios municipais no barrio (UTS TEIS/UTS TVSIA).
 2. Recursos Asistenciais do barrio (Alborada Centro de Menores, etc.).
 3. Institutos, Colexios e Servizos do barrio.
 4. Institucións Xuvenís de ámbito local (municipal).
- *Selección de mozas/os derivadas/os.*
- *Deseño de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados.*
- *Elaboración/preparación dos contidos.*
- *Xuntanzas cos e cas colaboradoras profesionais (orientador laboral, ...).*
- *Elaboración de Convenio de Colaboración coas entidades/colectivos.*

B.- ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADOS:

- **DESENVOLVEMENTO DE ITINERARIOS**

- *Creación de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados:*

- Realización de accións formativas para a adquisición e mellora de habilidades sociais e hábitos prelaborais.
 - Acompañamento social. Previamente ao desenvolvemento dos itinerarios programouse a realización de acompañamentos sociais pero, chegado o momento os/as participantes organizáronse en grupos e non foi necesaria a presenza da formadora.
 - Acompañamento accións prelaborais.

- *Contacto coas entidades, colectivos para a realización de prácticas prelaborais de selo caso.*

- *Titorizaxe e seguemento persoalizado das/os mozos e mozas do programa.*

- **ACCÍONS FORMATIVAS:**

- 1.- MÓDULO HABILIDADES SOCIAIS

- Coñecemento e interrelación grupal. Dinamización do grupo.
 - Comunicación, axentes, tipos....
 - Habilidades sociais, concepto, variantes.
 - Resolución de conflitos e convivencia pacífica.
 - Entrenamento en HH.SS. e conducta prosocial.
 - Etc..

- 2.- MÓDULO DE HABILIDADES PRELABORAIS¹

- Entrenamento en hábitos de traballo e disciplina (respecto de horarios, acatamento ordes...)
 - Orientación laboral.
 - Búsqueda activa de emprego utilizando as TICS.
 - Curriculum Vitae, carta de presentación.
 - Entrenamento para a entrevista persoal.
 - Información, orientación no autoemprego.
 - Bolsa de emprego.
 - Utilización das TICs na búsqueda de emprego:

- Suites ofimáticas libres, open office.
- Redes sociais, Myspace, Facebook, utilización para crear a nosas redes sociais como recurso na búsqueda de emprego.
- Páxinas web, bolsas de emprego.
- Creación dun blog individual e colectivo.
- Utilización doutros cursos formativos on-line.

3.- PRÁCTICAS DE HABILIDADES

- Titorización dos mozos das mozas en prácticas.
- Coordinación de titoraxe cos/as reponsables correspondentes das entidades/colectivos.
- Control de asistencia e asesoramento profesional.

C.- TORIZAXE E SEGUIMIENTO DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN:

- ***Seguimento dos Itinerarios de Inserción Personalizados:***

1. Titorizaxe e seguimento personalizado das/os alumnas/os: titoría, asesoramento e seguimento persoal presencial.
2. Titoría e seguimento virtual. Creouse unha conta de correo electrónico onde a formadora solicitaba exercicios e eles/as contestaban ás correccións. Aproveitouse este método para practicar o manexo do correo electrónico, unha habilidade que case ningún/unha participante tiña adquirida con anterioridade.

- **Lugar onde se realiza.**

- Local do Plan comunitario de Teis.
- Aula de informática do Centro Municipal de Rios- Teis
- Servizos e recursos do barrio
- Empresas do barrio e arredores

DATOS RELATIVOS AOS USUARIOS/AS DE CADA CURSO OU ACTIVIDADE

1) Perfis participantes:

- Clasificación segundo o sexo




Gráfico 1: Desagregación por sexo. Elaboración propia 2014.

- Clasificación segundo idades e sexo




Gráfico 2: Desagregación por sexo e idade. Elaboración propia 2014.

- Clasificación por nivel de estudos




Gráfico 3 : Desagregación por estudos. Elaboración propia 2014

- Clasificación segundo a problemática¹




Gráfico 4 : Desagregación por problemática. Elaboración propia 2014

- Clasificación segundo a situación laboral e sexo




Gráfico 5: Desagregación por situación laboral. Elaboración propia 2014

¹ Consideramos que pese a que na listaxe de problemáticas establézase así, non deba vincularse a étnia ou procedencia das persoas como problemática, senón como factor de vulnerabilidade.

- Outros datos de interese

A asistencia do grupo foi bastante regular desde o principio, e as faltas establecidas na gran parte das ocasións xustifícanse por motivos de saúde, controis do embarazo e citas con diversos/as profesionais establecidas, con anterioridade.

A finais do mes de outubro e principios de novembro en algúns dos itinerarios houbo que flexibilizar horarios e reaxustar obxectivos (tal e como se pode comprobar na aplicación informática e nos certificados de resultados obtidos por cada participante

A evolución do grupo, reflíctese parcialmente na motivación diaria para o proxecto de inserción sociolaboral. Así, mentres no primeiro mes a puntualidade foi significativamente menor para mellorou posteriormente nos meses de novembro e decembro. Por iso, as faltas posteriores estiveron xustificadas e asistían parcialmente as actuacións individuais no caso de ser posible.

Queda pendente de valoración o período de prácticas prelaborais para poder dar conta de si o traballo previo en habilidades se reflicte da maneira prevista.

Neste período de prácticas prelaborais, participarán, probablemente 9 dos/as alumnos/as dos/as 12 destinatarios/as iniciais dos Itinerarios de Inserción.

- **Coordinación e relación con Equipos de Inclusión (Comarcais e municipais). Derivacións de participantes, etc.**

O número de **derivacións** foi de 20 mozos e mozas derivados de diversos servizos: UTS Travesía, UTS Teis, Equipo de Intervención Familiar, Alborada Centro de Menores, Colexio Posumus, Instituto da Guía e Poboación Xeral.

O perfil requerido para este tipo de actuacións que precisan dun itinerario personalizado, implican derivacións moi concretas e racionalizadas cara ao aproveitamento total das accións. Por este motivo, trala derivación fixéronse entrevistas individualizadas para coñecer aos e ás posibles participantes, onde eles/as se presentaban e indicaban o que estaban a facer nese momento ou o que tiñan en proxecto. Unha vez coñecidos os casos, tras unha profunda reflexión estableceuse a priorización de 13 rapaces e rapazas que máis se axustaban ao perfil que se requiría para o curso. Finalmente un deses 13, renunciou á súa praza.

As derivacións foron priorizadas de antemán pols/as profesionais de referencia como se reflicte no gráfico:




Gráfico 6: Derivacións de servizos. Elaboración propia 2014




Gráfico 7: Segundo a derivacións dos servizos, seleccionados. Elaboración propia 2014

No que se refire, a **coordinación e seguemento** cos/as profesionais de referencia que efectuaron as derivacións, foi coma sempre indispensable cara a consecución dos obxectivos marcados no inicio da intervención.

Nesta edición coma en anteriores, o alto grao de coñecemento tanto do programa como das profesionais que o levan a cabo, así como dos protocolos de priorización e seguemento dos casos, facilitou moi favorablemente o entendemento entre os/as diferentes profesionais implicados/as nos itinerarios

- **Perfil das persoas con inserción laboral:**

Na súa maioría, as peculiaridades dos/as participantes e do propio programa imposibilitan a súa evolución inmediata cara a unha inserción laboral a curto prazo, xa que o punto de partida sitúanos nun contexto prelaboral con moitos deficits. A acción formativa supón un paso previo cara ao acceso ao mundo laboral, tendo en conta que o perfil dos/as participantes determina unha serie

de dificultades engadidas: carencia de competencias sociolaborais, as idades, a escaseza de formación, responsabilidades familiares e complexos contornos familiares...E por isto que, malia que algún e/ou alguna alumna poidan presentarse como perfís de posibles traballadores/as sen problemáticas específicas, no trato directo e continuado amosan maioritariamente unha carencia de habilidades e referentes que imposibilitan, a curto prazo, o acceso ao mercado laboral dun xeito plenamente normalizado.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

• Obxectivos acadados

- Asistencia regular e continuada ao longo da acción formativa: 75%.
- Aproveitamento e Adquisición competencias persoais e habilidades sociais : 75%.
- Alto grao de satisfacción cos itinerarios marcados
- Alto grao de satisfacción coa actividade formativa
- Grao medio de satisfacción coas prácticas prelaborais previstas
- Cumprimento do 75% dos itinerarios de inserción

• Protocolo de seguimento de actuacións e participantes

O protocolo de seguimento dos/as participantes quedou estruturado desde o principio das actuacións a través das modificacións solicitadas e a planificación previa realizada sobre o propio itinerario.

Destacar, que pese a que as derivacións foron realizadas por diferentes servizos e profesionais o contacto permanente, facilitou de maneira significativa un seguimento real dos/as participantes propiciando, en algúns dos casos, toma de decisións importantes relativas aos casos nos servizos externos. Ao final do programa obtívose unha valoración bastante aproximada das alternativas e expectativas coas que poden contar cada un/unha deles/as.

Naqueles casos nos que as/os participantes accederon derivados das UTS, realizouse unha valoración final de aproveitamento das actuacións do programa, así como posibles vías de continuidade nas actuacións previstas desde o servizo de atención primaria.

- **Valoración INICIAL-INTERMEDIA-FINAL** (Competencias Persoais e Formación Ocupacional e Informatica) dos alumnos-as/participantes/usuarios-as.

ENQUIA DE AVALIACIÓN INICIAL

1. *Sinala en que medida o curso está a responder o que esperabas, do 1 ó 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a):*

1	0 ALUMNOS/AS
2	0 ALUMNOS/AS
3	0 ALUMNOS/AS
4	7 ALUMNOS/AS
5	5 ALUMNOS/AS

¿Cómo cres que se podería mellorar?

- Con descansos de 5 minutos cada hora, a parte do recreo: 1 ALUMNOS/AS
- Facer unha clase para practicar as entrevistas: 2 ALUMNOS/AS
- Que se impartira noutro lugar: 1 ALUMNOS/AS
- Tendo máis horas de clase: 1 ALUMNOS/AS
- Facer máis actividades: 1 ALUMNOS/AS
- Nada: 4 ALUMNOS/AS
- Menos ruído: 2 ALUMNOS/AS

2. *Valora o curso respecto aos distintos eidos, do 1 ao 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)*

puntuación	1	2	3	4	5
HORARIOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
INSTALACIÓNS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
O MATERIAL ENTREGADO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
MEDIOS DIDÁCTICOS:	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	3 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
CONTIDOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	8 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
EXERCICIOS REALIZADOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
A EXECUCIÓN DA MONITORA:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS
ORGANIZACIÓN DO CURSO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS
A PARTICIPACIÓN DO GRUPO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
A TUA PARTICIPACIÓN:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS

3. *Valora o sentimento no grupo respecto aos seguintes eidos, do 1 ao 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)*

puntuación	1	2	3	4	5
¿COMO TE SINTES NO GRUPO?	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS	8 ALUMNOS/AS
ESCÓITANSE AS OPINIÓNS NO GRUPO	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
O TRABALLO EM EQUIPO	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	6 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
MEDIOS DIDÁCTICOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS

4. O curso está a mellorar as miñas posibilidades de traballo. Puntúa de 1 ao 5 ((nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)

1	0 ALUMNOS/AS
2	0 ALUMNOS/AS
3	0 ALUMNOS/AS
4	7 ALUMNOS/AS
5	5 ALUMNOS/AS

5. Achegas para a mellora:

- Así está bien: 3 ALUMNOS/AS
- Un proxector: 1 ALUMNOS/AS
- Mellorar as instalacións: 5 ALUMNOS/AS
- Menos teoría e mais práctica: 2 ALUMNOS/AS
- Mais tempo de descanso: 1 ALUMNOS/AS

ENQUISTA DE AVALIACIÓN INTERMEDIA

6. Sinala en que medida o curso está a responder o que esperabas, do 1 ó 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a):

1	0 ALUMNOS/AS
2	0 ALUMNOS/AS
3	0 ALUMNOS/AS
4	7 ALUMNOS/AS
5	5 ALUMNOS/AS

¿Cómo cres que se podería mellorar?

- Con descansos de 5 minutos cada hora, a parte do recreo: 1 ALUMNOS/AS
- Facer unha clase para practicar as entrevistas: 2 ALUMNOS/AS
- Que se impartira noutro lugar: 1 ALUMNOS/AS
- Tendo máis horas de clase: 1 ALUMNOS/AS
- Facer máis actividades: 1 ALUMNOS/AS
- Nada: 4 ALUMNOS/AS
- Menos ruído: 2 ALUMNOS/AS

7. Valora o curso respecto aos distintos eidos, do 1 ao 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)

puntuación	1	2	3	4	5
HORARIOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
INSTALACIÓNS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
O MATERIAL ENTREGADO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
MEDIOS DIDÁCTICOS:	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	3 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
CONTIDOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	8 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
EXERCICIOS REALIZADOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
A EXECUCIÓN DA MONITORA	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS
ORGANIZACIÓN DO CURSO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS

A PARTICIPACIÓN DO GRUPO:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	7 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS
A TUA PARTICIPACIÓN:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS

8. Valora o sentimento no grupo respecto aos seguintes eidos, do 1 ao 5 (nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)

puntuación	1	2	3	4	5
¿COMO TE SINTES NO GRUPO?	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	3 ALUMNOS/AS	8 ALUMNOS/AS
ESCÓITANSE AS OPINIÓNS NO GRUPO	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	2 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	4 ALUMNOS/AS
O TRABALLO EM EQUIPO	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNO/A	6 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS
MEDIOS DIDÁCTICOS:	0 ALUMNOS/AS	0 ALUMNOS/AS	1 ALUMNOS/AS	5 ALUMNOS/AS	6 ALUMNOS/AS

3. O curso está a mellorar as miñas posibilidades de traballo. Puntúa de 1 ao 5 ((nada, pouco, regular, satisfeito/a, moi satisfeito/a)

1	0 ALUMNOS/AS
2	0 ALUMNOS/AS
3	0 ALUMNOS/AS
4	7 ALUMNOS/AS
5	5 ALUMNOS/AS

4. Achegas para a mellora:

- Así está bien: 3 ALUMNOS/AS - Un proxector: 1 ALUMNOS/AS - Mellorar as instalacións: 5 ALUMNOS/AS - Menos teoría e mais práctica: 2 ALUMNOS/AS - Mais tempo de descanso: 1 ALUMNOS/AS

• Valoración xeral dos módulos pola docente:

O **módulo de habilidades sociais** é o que ten máis peso dentro do programa en comparación cos outros xa que coa adquisición destes coñecementos favorécese a comprensión e asimilación de conceptos orientados a busca de emprego e o manexo de novas tecnoloxías.

O perfil dos/as alumnos/as é moi concreto e, aínda que cada un ten as súas características persoais, poden establecerse carencias emocionais e de aprendizaxe comúns. En todos e todas elas prodúcese unha desmotivación cara a vida en xeral en idades moi temperás, que, en consecuencia, só favorecen á realización de hábitos de vida pouco saudables a nivel físico e mental ademais da dificultade, cada vez mais grande a medida que pasa o

tempo, de desenvolver aprendizaxes novos para poder levar a cabo uns estudos específicos ou un posto de traballo de maneira normalizada.

Por estes motivos o traballo individualizado e grupal, levado a cabo neste módulo, é básico para que poidan visibilizar outras alternativas con apoio e esforzo persoal e que sexan conscientes das súas potencialidades.

Os momento nos que se entrenou a autoestima e autoconcepto foi sen dúbida o momento no que se sentiron verdadeiramente parte do grupo, non so porque fose pasando o tempo e a confianza crecera, senón polo que supuxo de reforzo positivo por parte do grupo de iguais. A mellora da autoestima foi algo presente en practicamente todas as actuacións e actividades que se levaron a cabo.

A asertividade, a toma de decisións e a resolución de conflitos foron os temas seguintes nos que cabe destacar que a participación constante do grupo deu pe a facer moitas dinámicas para poder poñer en práctica os conceptos clave de cada un e permitiu traballar a xestión das emocións cara a organización, toma de decisións e control das súas vidas .

É de mención obrigada destacar o alto grao de cohesión grupal dende o inicio do programa. Formar un grupo con necesidades similares permite e propicia o apoio e axuda mútua entre iguais e, ao tempo, as interrelacións precisas para que se deran influencias positivas entre compañeiros/as, provocando evolucións favorables e proactivas.

No que se refire ao **módulo de habilidades prelaborais** hai que sinalar que presentaba os contidos máis específicos do curso; Polo que, durante o desenvolvemento do módulo, establecéronse uns alicerces sobre a predisposición inicial para buscar un traballo, métodos e posibilidades de busca de emprego e elaboración personalizada do CV e carta de presentación. Sobre eles asentáronse despois os contidos formativos e de busca activa de emprego: primeiro con apoio e de forma autónoma despois. Entrenáronse tamén na entrevista e, por último, nos seus obxectivos profesionais e formativos para comezar a crear un proxecto de vida a curto prazo.

Débense diferenciar dúas tendencias no relativo ao acceso ao mercado laboral. Por unha banda, os casos nos que xa existía experiencia laboral previa e, por outra, os casos nos que buscan o seu primeiro emprego e/ou o seu primeiro proxecto vital. En ambos os dous casos, as actividades propostas tentaron responder ás múltiples demandas e expectativas. Factores que se valoraron para a posibilidade de realización do período de prácticas. Todo isto fíxose posible, únicamente con flexibilidade nas propostas, nos itinerarios e na propia concepción das accións a través dos módulos.

A sección do módulo dedicada ás **novas tecnoloxías** supuxo unha motivación xeneralizada no desenvolvemento do módulo prelaboral. Favoreceu o coñecemento e acceso por parte de algúns/unhas ao ordenador e ao manexo

de internet como unha ferramenta mais para o desenvolvemento no ámbito laboral. Os puntos de partida e os coñecementos eran diversos xa que o uso do ordenador e de internet era moi elevado por parte de algúns/unhas e outros/as case non dispoñían de ningún sobre o manexo de sistemas informáticos básicos. A Cohesión do grupo favoreceu o apoio mutuo e permitiu de forma moi positiva o traballo en equipo, por parte dos e das participantes.

O uso continuado da rede para a busca de emprego resultou enriquecedor e positivo para os/as participantes e o contacto real coas ofertas de emprego. Ao tempo, posibilitou un enfrentamento directo coa realidade para reflexionar na importancia dos estudos e da preparación específica para determinados postos de traballo que lles interesaban.

A elaboración do blog "Ponteapuntoteis" reforzou a cohesión grupal dos/as participantes e o coñecemento interpersonal (compartir vídeos, músicas, gustos,...) por medio do uso das novas tecnoloxías.

O contacto coas redes sociais (blog, facebook, linkedin,...) é coñecido e valorado positivamente polos participantes malia que o seu uso formativo non era o empregado ata o momento. A elaboración do blog da propia actuación formativa supuxo reforzar a cohesión grupal dos/as membros e o coñecemento interpersonal (compartir vídeos, músicas, gustos,...) por medio do uso das tecnoloxías.

- **Valoración do período de prácticas pola docente:**

No inicio da acción formativa os/as participantes amosaron moito interese no desenvolvemento das prácticas en empresa.

Pola parte organizativa, a complexa situación na que sigue o mercado laboral supuxo unha dificultade para facilitar a posibilidade de conveniar o período de prácticas con múltiples empresas do barrio, aunque despois de darlles a coñecer o programa, incluso colaboraron por primeira vez varias entidades, tal e como se pode ver no apartado de empresas colaboradoras..

Finalmente, sinalar que nesta edición, a flexibilidade nos itinerarios dificultou inicialmente concretar os e as promociadas para realizar as prácticas prelaborais, pero estas dificultades abordáronse e controláronse nas sesións de seguimento individualizadas para conseguir rematar as actuacións establecidas nos ITINERARIOS con normalidade e eficiencia.

- **Resultado de indicadores de avaliación**

- **Indicadores de avaliación**

Permiten iniciar o proceso de avaliación do programa "A Punto Teis 2014" dunha maneira cuantitativa o que facilita a medición dos resultados da acción formativa, que son como sigue:

- ❖ Obxectivos 1 e 3:

*Ver datos resultados obtidos.

- ❖ Obxectivo 2:

- Nº de mozas e mozos derivados dos servizos: 20
 - Nº de mozos e mozas titorizadas:12
 - Nº de seguimentos realizados:12
 - Nº de mozas e mozos da poboación xeral- sen derivación previa:1

- ❖ Obxectivo 4 e 5:

- Total complementaridade cos Colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores
 - 2% Poboación xeral implicada.
 - 6% Colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores.
 - Grao de implicación de usuarios/as e axentes sociais participantes: Medio
 - Grao de satisfacción de usuarios/as e axentes sociais participantes: Alto
 - Alto grao de coordinación e cooperación dos recursos implicados.

- **CONCLUSIÓN**

O período de derivacións e a realización das posteriores entrevistas obrigatoriamente realizouse con certa premura para poder definir o perfil dos/as participantes e os Itinerarios Personalizados de Inserción Sociolaboral.

A priori, foi importante artellar un sistema de traballo individual e grupal baseado na motivación previa dos/as mozos e mozas que conxuntamente cos factores externos e individuais provocará a súa paulatina implicación e continuidade nos proxectos de inserción sociolaboral.

Finalmente, unha vez rematados os ITINERARIOS e avaliadas as actuacións, son diversos os aspectos claves a ter en conta:

- Salientar que a importante cohesión do grupo foi facilitada en parte pola pertenza da maioría dos/as mozos/as ao mesmo barrio de Teis.
- As poucas experiencias laborais previas dunha parte importante dos/as participantes así como as diversas responsabilidades familiares de parte do alumnado, inciden tanto no interese xeral do grupo como na toma de conciencia da súa realidade.
- A necesidade real dunha reflexión inicial, que os/as resituara e os/as fixera conscientes da necesidade de adquirir e mellorar as habilidades sociais precisas para o acceso ao actual mercado de traballo (case inexistente).

En liñas xerais, o programa evolucionou en dúas direccións parellas; por unha banda, os proxectos de inserción individualizados e por outra, o traballo grupal, dentro dos seus itinerarios, que foi evolucionando axeitadamente chegando a acadar os obxectivos establecidos previamente no programa:

- Asunción e cumprimento de horarios
- Establecemento dun plan formativo-laboral que permite o aumento das perspectivas tanto formativas como laborais e principalmente como fonte de Motivación.

Estas actuacións, supuxeron a reactivación cara ao mundo académico (continuidade dos estudos, Bacharelato, etc...) e a busca activa -real- de emprego de forma organizada e continua.

Como en edicións anteriores, o perfil dos/das destinatarios/as vaise modificando co paso do tempo polo que fixo preciso adaptar os contidos teórico-prácticos as demandas e realidades dos mozos e mozas.

Así, o adestramento en habilidades sociais, céntrase en adquirir e mellorar as rutinas establecidas de modo xeral; polo que é preciso, en algúns casos, establecer uns horarios normalizados, o achegamento aos diferentes recursos, a asunción de responsabilidades, audarlles a ser conscientes da realidade en canto a necesidade de formación e de adaptación das expectativas sociolaborais á realidade, e, a establecer as demandas de maneira continuada (BAE planificada e continuada,...).

A combinación de todas estas cuestións posibilita a nivel grupal que se establezcan e manteñan horarios, o traballo en equipo, vivenciar a realidade actual, etc...En definitiva, acadar melloras e posibilitar cambios que propicien a inserción sociolaboral "real" nos diversos casos.

No tocante ao alumnado derivado sinalar que os 12 participantes que foron admitidos/as, todos/as remataron (aínda que coas variacións e flexibilidade que require este perfil de usuarios/as) as actuacións previstas nos itinerarios.

En xeral, a experiencia adquirida fainos concluir que este tipo de programas e actuacións deben fundamentarse na atención individualizada, flexible e adaptada as necesidades e demandas de cada un dos/as participantes, proporcionada paulatinamente na medida que se evidencia a evolución acadada.

A realidade que nos atopamos no perfil de mozos e mozas fainos crer que sería necesario seguir traballando a posteriori cos/as destinatários/as dos Itinerarios para que logren acadar e manter os seus propios obxectivos tanto personais, (nalguns casos, recentemente definidos), como profesionais onde o nivel de esixencia requirido sexa paulatinamente máis elevado.

En definitiva, a valoración do desenvolvemento do programa é satisfactoria, como se sinala con anterioridade; sobre todo pola execución realista dos obxectivos propostos no programa que camiñan na procura inicial da inserción social para acadar finalmente a inserción laboral.